



REGULAMENTO DO COMEDOR



CEIP ALTAMAR - CURSO 2022-2023

1. OBXECTO

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, desenvolve unha destacada tarefa social, conciliadora da vida educativa e familiar coa laboral. Ademais trata de minimizar a incidencia que os factores económicos, sociais ou de calquera outra índole teñen no dereito á educación constitucionalmente recoñecido.

O comedor escolar, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do noso centro educativo, de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro. En relación con esta idea da importancia da alimentación está regulado no noso centro o “Proxecto Merenda”.

2. NORMATIVA DE REFERENCIA

- Decreto 10/2013, do 1 de agosto (DOG do 13 de agosto de 2013)
- INSTRUCIÓN 3/2022, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DO 1 DE XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN INDIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2022-2023

3. MODALIDADE

No curso 2022-2023 o servizo de comedor do Centro axústase á modalidade c) das contempladas no artigo 2 do decreto de 1 de agosto de 2013. Isto é, contratación da subministración de comidas ao comedor escolar a cargo da empresa do sector hostaleiro “Alimentación Saludable Gallega SI” a quen lle adxudicou o servizo a Consellería.

4. HORARIO E DURACIÓN

A prestación do servizo de comedor coincidirá co calendario lectivo do alumnado do CEIP Altamar, en horario de 14 a 16 horas. Incluirá os servizos de xantar e de atención aos usuarios/as nos períodos de tempo libre anterior e posterior ao mesmo.

Haberá dúas quendas (unha de 14:00 a 14:30 e outra de 14:45 a 15:15), o alumnado asignaráselle quenda. O alumnado poderá ser recollido (ou saír só no caso dos autorizados de 5º e 6º de E.P.) ao rematar a súa quenda.

5. PRAZAS

O alumnado máximo que posibilita o espazo do noso comedor é 81 usuarios/as que estarán repartidos/as en dúas quendas.

Na primeira quenda estará o alumnado de Educación Infantil e os seus irmáns ou as súas irmás.

6. USUARIOS

Para ter a consideración de usuario do servizo de comedor o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponde segundo a distribución das áreas de influencia establecidas pola Administración Educativa. Acredítase mediante o “Xustificante de empadramento conxunto” do Concello de Vigo.

No caso de existiren prazas dispoñibles, poderán ser usuarios/as do servizo de comedor escolar os alumnos/as escolarizados no Centro procedentes de fóra da zona educativa pero sen poder optar, en ningún caso, ás axudas da Consellería para o prezo do menú, descritas no punto 11).

Para o alumnado de educación infantil: É condición indispensable para ser usuario/a do comedor escolar saber comer pola súa man, comer sólidos (non só comida triturada) e saber utilizar, ao menos, garfo e culler.

Alumnado de zona:

Terán dereito ao servizo as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso no centro.

O alumnado escolarizado no curso anterior fóra de área de influencia, a partir do curso seguinte consolídase nunha situación similar á dos escolarizados con carácter forzoso en centros distintos aos que lles correspondería por área de influencia.

Está en estudo unha nova distribución de zonas educativas para o Concello de Vigo, polo que todos os empadroados neste concello considéranse pertencentes á zona educativa do centro.

7. SOLICITUDES, PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN.

Os representantes legais do alumnado poderán manifestar o seu desexo de utilizar o servizo de comedor facéndoo constar na solicitude de admisión.

Para o curso 2022-2023 a solicitude e a documentación que acredite o dereito a beneficiarse das axudas do comedor presentaranse na Secretaría do Colexio durante o horario indicado de mañá, co modelo elaborado polo Centro.

O prazo de presentación de solicitudes é do 2 ao 6 de setembro de 2022. Ademais da solicitude, entregarase:

- **Certificado de empadramento conxunto.** Só o alumnado novo sen irmáns no Centro.
- **Modelo de autodeclaración de prezos privados.** Obrigatorio para optar ás axudas da Consellería para o prezo do menú.
- **Fotocopia das dúas caras da tarxeta sanitaria** do usuario/a *(na que se indicará o centro de urxencias)*.
- **1 Fotografía** do/a comensal *(comensais novos ou de 1º de primaria)*.
- **Certificación médica do ano 2022** *no caso de alerxias ou intolerancias alimentarias.*

- **Autorización á empresa adxudicataria** do servizo, segundo modelo entregado no colexio, a cargar na súa conta bancaria os recibos mensuais polos menús consumidos. (*Comensais sen gratuidade no menú*).
- **Certificación da conta bancaria** na que se domicilien os pagos, expedida pola entidade bancaria. (*Comensais sen gratuidade no menú*).

Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo no caso de que existan prazas vacantes e que sexan realizadas cunha antelación mínima de cinco días hábiles ao inicio do mes para o que se solicita o servizo.

8. CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR

Son causas de exclusión:

- O impago da tarifa correspondente a cada mes impediría ao comensal a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.
- A acumulación de **tres faltas** non xustificables (causa distinta a enfermidade) ou sen avisar será sancionada con dez días de exclusión. **(É obrigatorio comunicar o día anterior ou en caso de imprevistos antes das 09:30 do mesmo día a ausencia dun comensal. Tel.: 986213713)**
- Tres faltas de comportamento documentadas no mesmo mes, ou cinco no curso.
- Tres atrasos na recollida do neno/a sobre o horario previsto (máximo ás 16 horas).
- Falsidade nos datos que figuran na solicitude ou nos xustificantes que se presenten.
- Incumprimento da normativa xeral do Centro, especialmente a relacionada co respecto aos demais usuarios/as e ao persoal do comedor.
- Negativa a asumir os gastos ocasionados polos usuarios/as como consecuencia do mal uso das instalacións e/ou dos utensilios postos á súa disposición.
- Calquera outra que a persoa responsable do comedor considere contrarias á dimensión educativa e integradora do servizo.

9. TIPIFICACIÓN DE COMENSAIS.

No formulario de solicitude de praza de comedor indicaranse claramente os días semanais de asistencia solicitados.

Calquera cambio nos días solicitados será autorizado, en función da dispoñibilidade de prazas, por meses completos ao inicio do mes que corresponda e cando sexa solicitado con unha semana de antelación.

O uso **esporádico** do comedor só será posible cando haxa prazas dispoñibles no mesmo e precisa da presentación da mesma documentación que o resto de comensais .

Debemos ter en conta que a solicitude do servizo de comedor é un compromiso anual (agás causas de forza maior).

10. PREZO DO COMEDOR.

Coste do menú diario: *(cantidade que será cargada en conta cada mes directamente por empresa de hostalería, previa autorización).*

Facturaránse mensualmente todos os días que figuran na solicitude aínda que non se asista ao comedor, coa única excepción de enfermidade, comunicada cun día de antelación.

Segundo o que se fixera constar no modelo de autodeclaración, o prezo de cada menú pode ser:

- 0,00 €.
- 1,00 €
- 2,50 €
- 4,50 €

11. AXUDAS PARA O SERVIZO DE COMEDOR E DOCUMENTACIÓN

- Gratuidade no menú

- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.

- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.

- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33 %.

- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalente.

- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar 2021 neta per cápita inferior a 7.000 euros.

b) 1,00 € por menú

- Serán beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía dun euro que se aboará por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

| | |
|--|--|
| Unidades familiares cun un ou dous menores | Renda 2021 neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 € |
| Unidades familiares con tres ou máis menores | Renda 2021 neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €. |

c) 2,50 € por menú

- Serán beneficiarios da bonificación para comedor, agás na contía de 2,50 euros que se aboarán por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

| | |
|--|---|
| Unidades familiares cun un ou dous menores | Renda 2021 neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 € |
|--|---|

* O valor da Renda 2021 a empregar obtense das casiñas: 435+460-595, sumando o resultado de todas as declaracións da unidade familiar e dividindo entre o número de membros da mesma, para obter a renda neta per cápita.

12. REGULAMENTO PARTICULAR DO SERVIZO

É de **obrigado** cumprimento **asistir todos os días** que figuran na solicitude.

O Consello Escolar, o día 14 de outubro de 2014, aproba as seguintes normas:

Para posibles cambios ao comezo de cada curso haberá prazo ata o día 25 de setembro, día en que deben estar elaboradas as listas definitivas. A partir dese momento, calquera cambio (días de asistencia, alta ou baixa) non se fará efectivo ata o primeiro día do mes seguinte e sempre que, ademais, se solicite cunha semana de antelación como mínimo (nova solicitude por escrito).

Facturaranse mensualmente todos os días que figuran na solicitude aínda que non se asista ao comedor, coa única excepción dos días de falta de asistencia ao Centro por enfermidade. Igualmente permanece a **obrigatoriedade** de avisar antes das 9:30 de cada mañá.

Todas as faltas de asistencia serán xustificadas e comunicadas **directamente ao Equipo Directivo** cun día de antelación ou en caso de imprevistos **antes das 09:30** do día no que se produzan, persoalmente ou chamando ao 986213713.

Horario de recollida: A primeira quenda poderá saír a partires das 14:30 h. Os comensais de infantil deben ser **recollidos na porta do Centro**, polos pais/nais ou responsables, a partir das 14:30 h. O alumnado da segunda quenda poderá saír dende as 15:15 h. Para primaria os pais/nais ou responsables dos comensais deben esperar na beirarrúa. **O horario de recollida, tanto para infantil coma para primaria, remata ás 16:00 h.**

Os alumnos/as que marchen sós deberán contar coa correspondente **autorización asinada e deberán saír ao remate da súa quenda (14:30 os da primeira quenda e 15:15 os da segunda).**

Pequenas faltas acumuladas constitúen falta grave. As faltas graves serán rexistradas polo persoal de atención e trasladadas á persoa responsable de comedor, quen dará trámite á comisión de seguimento do servizo e iniciará as medidas axeitadas.

As condicións especiais dos comensais especificaranse expresamente nas solicitudes de praza. No caso de **dietas** deberá presentarse **certificado médico** con data do ano 2022 no que se especifique o tipo de dieta necesaria (celíaca, lactosa,...). No caso de dietas complicadas os pais/nais poderán poñerse en contacto directamente coa persoa responsable do comedor para informarse ou pedir unha rectificación do menú.

Ademais observaranse:

- *O alumnado que durante a mañá teña que saír do centro, por algún imprevisto ou cita médica, **debe regresar ao colexio antes das 14:00 h. para poder asistir ao comedor.**
- *O alumnado non poderá traer bebidas nin comida ao comedor.
- *Cada neno/a farase responsable dos seus obxectos persoais.
- *Deberán obedecer e respectar as/os coidadores do comedor.
- *Colocar a roupa e mochilas nas perchas e estantes correspondentes.
- *Lavar as mans.
- *Sentarse correctamente e esperar a que lles sirvan.
- *Comer todo e de todo.
- *Falar nun ton baixo e pedir con respecto o que necesiten..
- *Non se poder estar nos corredores nin nas aulas.
- *Ao finalizar o horario de comedor, tódolos nenos e nenas sairán de recinto escolar, agás os que queden a algunha das actividades extraescolares.

Co fin de traballar por unha axeitada **Hixiene e Saúde bucodental**, cada neno e nena deberá traer:

- *Un neceser co seu nome.
- *Un cepillo de dentes.
- *Un tubo de pasta de dentes.
- *Un vaso de plástico.

Este material levarase á casa diariamente.

**A SOLICITUDE DO SERVIZO SUPÓN O COÑECEMENTO
E A ACEPTACIÓN EXPRESA DE TODOS OS APARTADOS
RECOLLIDOS NO PRESENTE REGULAMENTO**